

Texto: **PEPE CÁCCAMO**

Ilustracións: **CARLES ARBAT**


Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

- Galego: "Dinosaurio Belisario"
Demademora. ISBN 978-84-8464-075-2
- Castelán: "Dinosaurio Belisario"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-8464-584-9
- Euskera: "Zerribarne Dinosaurua"
Ametz egiteko liburuak. ISBN 84-8464-077-9
- Portugués: "Dinossáurio Belisario"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781057

Prezo: 13 €



DINOSAURIO BELISARIO

Belisario era un feroz dinosaurio verde, brando, gordo, enorme, e vestía un uniforme gris-marrón de militar que usaba para mandar. ...Belisario era o terror en todo o mundo arredor.

"Dinosaurio Belisario" é unha divertida historia que trata sobre o uso arbitrario do poder y de como este pode ser vencido polo uso da función máxica, lúdica e pacificadora da linguaxe infantil. O Dinosaurio Belisario, dictador no mundo animal, non se conformaba con guerrear sen pausa con gatos, peixes e paxaros, senón que ademais ilegalizou, por decreto, os xogos de mesa e a papiroflexia náutica, ademais de someter a torturas moi pouco sutís a toda a fauna terrestre, mariña e aérea do país:

*Pegou os peixes con cola / no tellado dunha escola.
Os paxaros voadores / meteunos en ascensores.
E fixo encerrar os gatos / en maletas sen buratos.*

"Dinosaurio Belisario" é unha original narración convertida en poema, unha obra de gran calidade formal, un humor desenfadado que fará agromar máis dun sorriso, ao mesmo tempo que ofrece unha particular visión sobre o poder e un canto á liberdade. As ilustracións son dunha gran limpeza e aportan un importante grao de humor e ironía ao libro. Destaca, ademais, a expresividade dos personaxes e a harmonía das cores.

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO (Vigo, 1950)

Licenciado en Filoloxía Románica. Catedrático de Literatura Española. Poeta, narrador e crítico literario. Outra das súas obras publicadas por KALANDRAKA é a titulada "Ganapán das palabras". Entre outros galardóns, recibiu en 1987 o premio da Asociación de Críticos de España por "Os Documentos da Sombra"; o Premio Esquíu en 1986 por "Luminoso lugar de abatimento" e en 1998 o

Premio da Crítica Galega pola obra "Calendario Perpetuo".

CARLES ARBAT (Girona, 1973)

Graduado en Deseño Gráfico na Escola d'art d'Olot. Ilustrou libros para editoriais como La Galera, Edebé, Hiperión ou Círculo de Lectores. Foi seleccionado para os Premios Ape'les Mestres de literatura infantil e xuvenil en 1996. Obtivo o accésit do Premio Lazarillo para ilustradores en 1998. Para KALANDRAKA ilustrou tamén "Capitán Calabrote".



- **Temática:** el poder, la tiranía
- **Edad recomendada:** a partir de 6 años
- **Aspectos destacables:** narración rimada, ilustraciones humorísticas y coloristas
- **Aplicaciones:** los colores, los adjetivos opuestos, distinción entre bien y mal, los conflictos existentes en el mundo